


GUIA DAS AVES DE GALICIA

*Penas Patiño, Xosé M.
Pedreira López, Carlos
Silvar, Carlos
Bahia Edicións, A Coruña, 1991*

Cando escribir e publicar en galego aínda segue a ser, lamentablemente, moito máis que unha cuestión idiomática, édítase esta obra que con gran acerto ven a continuar e completar un labor iniciado hai anos polos mesmos autores con aquela pioneira "Guía das Aves de Galicia" (Galaxia. Vigo. 1980).

Esta completísima guía da ornitofauna galega acada uns niveis comparables ós das mellores guías do mundo editorial, coa ventaxa de que ésta é a nosa guía: as outras describen especies e hábitats de xeito xenérico, coas conseguintes imprecisións e erros que disto se derivan.



As ilustracións, coloreadas coas gamas con que as aves nos regalan a vista, merecen un recoñecemento especial polo inxente e ben realizado traballo, e constitúen o complemento axeitado a uns textos repletos de información, que non só describen as especies, avistamentos e distribución, senón que tamén fan referencia a investigacións realizadas sobre o tema. (E de estudos relativos ás últimas décadas pódense tirar conclusións nada esperanzadoras que veñen confirmar o que xa se sabía e que non permite ser nada optimistas -caso do

arao, da águia real,...; máis ben convidan a reflexionar e forzan a tomar postura perante o grave deterioro que está a sufrir o noso medio ambiente).

Unha guía coidada en todos os aspectos: formato manexable, apartados definidos con cores,... e ata un sistema inxenioso e entretido de corrixir as erratas, inevitables nunha publicación das características da presente.

En definitiva, unha obra atractiva que sen dúbida marcará un fito. Imprescindible para os aficionados á ornitología.

GUIA DAS ARBORES E BOSQUES DE GALICIA

*Silva-Pando, Francisco Javier
Rigueiro Rodríguez, Antonio
Editorial Galaxia. Vigo. 1992*



Ven ser a primeira guía de "árbores e bosques" de Galicia, e é, xa que logo, unha aportación necesaria para encher o espacio valeiro no que á divulgación do forestal galego se refire. Porque se ben existía unha guía de árbores ("Guía de árbores de Galicia". Castro, M., Freire, L. e Prunell, A. Galaxia. Vigo. 1991) o seu contido é máis ben de Botánica Ornamental.

Na obra, por unha parte descríbese unha cincuentena de árbores ventureiras no país e outras, alóctonas, que xa teñen, ou poden ter no futuro, interese

forestal. E faise con datos que van desde a etimoloxía do seu nome ata os seus requerimentos fisiolóxicos, pasando polas características estruturais, usos, etc, e acompañándose cada descripción de debuxos de detalle e dun mapa da súa distribución en Galicia. Por outra parte, describíense máis de 15 formacións forestais (carballeiras, soutos de castiñeiros, teixedais, eucaliptais...) facendo referencia á estrutura, composición florística, ecoloxía e distribución, interacción coa especie humana,... (No que atinxe ó eucalipto, repetidamente aludido, sinaláse que "as repoboacións con esta árbore deben ser coidadosamente estudadas e planificadas"). A todo o cal engádese unha serie de máis de sesenta fotografías a toda cor que abranguen desde detalles de árbores ou herbáceas ata formacións arbóreas do país.

E de destacar asimesmo non só a existencia de claves para a identificación de especies (unha delas baseada en follas e ponliñas) senón tamén unha ampla introducción referida a climatología, xeoloxía e edafoloxía, morfoloxía arbórea, etc..., que se completa, ó final da obra, con aspectos ecolóxicos dos solos forestais, funcións das masas arbóreas, doenzas e pragas,... e un capítulo adicado á historia dos bosques galegos o outro de bibliografía sobre a flora e a vexetación de Galicia.

En suma, unha guía diferente que, sen obviar os aspectos descritivos e mesmo cumplimentándoos amplamente, inclúe outras cuestións de singular transcendencia nun momento histórico crucial para os nosos montes.

BALDAIO, ESPAZO NATURAL PROTEXIDO

*Vários autores
Bahia Edicións. A Coruña. 1992*

Coa esperanza manifesta de ser unha chamada de atención, sae do prelo este esperado libro cando dúas novas ameazas planean sobre o xa repetidamente agredido complexo litoral de Baldaio: a incineradora de aceites usados de Laracha e, sobre todo, a autovía

Coruña-Carballo que traerá aínda máis turismo ó enclave.

Baldaio, espazo natural protexido é unha guía para aprender a ver Baldaio. Porque así como hai moitos xeitos de ver unha obra de arte, sexa un cadro ou unha catedral, tamén hai moitas maneiras de achegarse ó medio natural. E hai que coñecelo para valoralo, respetalo e defendelo. O libro, sen perder rigor científico e sen pretender ser exhaustivo, aproxímanos, desde unha perspectiva ambientalista, á dinámica do enclave como un todo, para logo abordar a súa xeoloxía, a súa fauna e vexetación. E fai-no propondo cuestións e suxerindo actividades que posibilitan unha aprendizaxe activa a estudantes e cidadáns en xeral. Ademais, o último capítulo fai unha proposta de itinerario a través do cal se establece contacto cos rasgos máis significativos deste complexo marismealgoar litoral de Baldaio.



Como sucede con outras áreas semellantes, Baldaio ten sido obxecto de distintos proxectos de carácter exclusivamente económico que, a parte de alteración e degradación, xeraron unha conflictividade social que acadou un punto álxido no ano 1977 cando, logo de sucesivas mobilizacións en contra dunha concesión permanente da zona a particulares de A Coruña, unha manifestación de veciños e nacionalistas, duramente reprimida pola Garda Civil, se convertiu nunha auténtica batalla campal. Os feitos, ineludibles na historia social recente deste país, conforman un capítulo do libro. E é que real-

mente non pode entenderse nen o estado actual de Baldaio -pistas, comportas,...- sen referencia ó abortado intento de explotación mentado (piscicultura e moluscultura; enmascarando a extracción de area). Pero tras del viñeron outros proxectos (no libro recóllese unha alternativa posible), e outros, e outros,... Sucédense estudos e propostas, denuncias e esperanzas, mentres a área continúa nun ritmo crecente de deterioro progresivo sen que se adopten medidas eficaces para frealo. Mesmo segue sen levarse a efecto a retirada dos "artefactos, instrumentos,..." utilizados pola antedita sociedade nos anos 70, de obrigado cumprimento logo da sentenza do Tribunal Supremo neste senso.

Xa que logo, *Baldaio, espazo natural protexido* é unha chamada á recuperación e protección dunha área de singular valor ecolóxico, extensible a outros espazos naturais galegos tamén sometidos a degradación. E ha de ser, sen dúbida, unha referencia obrigada para posteriores traballos de divulgación das outras lagoas litorais que ornan as costas galegas desde Valdoviño a Corrubedo

ECOLOXIA, SILVICULTURA E ORDENACION DO BOSQUE

Roxélio Pérez Moreira

Servizo de Estudos e Publicacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.


R/San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Dentro do movemento ecoloxista galego sempre foi tradición dotar-se de instrumentos conceptuais para defender as súas teses. Así, desde os tempos do seu nacemento, motivado polos proxectos de destrución ambiental que implicaba a instalación masiva de fábricas de celulosa na Galiza, ou a instalación da Central nuclear en Xove, xenerou-se unha bibliografía que informaba sobre o posíbel impacto destas tentativas disfrazadas de progreso, xurdida daquela de debates en mesas redondas ou das aportacións de técnicos e intelectuais solidarios coas loitas galegas, cal foi o caso de Costa Morata na cuestión nuclear.

Se cadra, o mais novidoso do momento actual é que xurden elaboracións conceptuais moi requintadas do seo do propio movemento ecoloxista activo. O libro de Pérez Moreira, pode-se encadrar dentro desta corrente, unha corrente que non é estritamente activista, senón que funde as súas raíces na información científica mais ponderada e en análises suficientemente obxectivas como para ser incuestionábeis desde a perspectiva ideolóxica.

Nun momento en que a cuestión forestal, e, en concreto, o debate sobre impacto ambiental e social do eucalipto, ocupa boa parte -e con razón- das preocupacións do movemento ecoloxista e da sociedade galega no seu conxunto, o libro de Pérez Moreira ven facer unha aportación inestimábel a este debate. Incluso para aqueles que agradecerían un compromiso mais explícito, é de agradecer o descomunal esforzo de síntese



de información que o libro implica, e o seu manifesto intento de neutralidade para non poder ser acusado de partidismo polos partidarios da eucaliptización a ultranza. E seguramente este carácter ponderado do libro o que levou a padecer graves problemas para a súa distribución ao ser bloqueada á mesma por extrañas ordes internas da Consellería de Agricultura.

Por iso, todos os que desexen acceder a el deberán solicita-lo directamente ao Servizo de Publicación da citada Consellería. Non quedarán defraudados coa súa lectura.